



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 6/2022

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA TRINTA DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

En Ordes, a trinta de xuño de dous mil vinte e dous.

Na sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a, ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES.
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA.
- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL.
- D. JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA.
- D. PABLO VIDAL RÍOS.
- D^a. MARÍA JESÚS REGUEIRO GARCÍA.
- D^a. CARMEN MARÍA FERREIRO VILLAVERDE.
- D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA.
- D. MANUEL IGLESIAS VIEITES.
- D. AITOR RIBADAS GÓMEZ.
- D. MARCOS FERNÁNDEZ LOURO.

Non asiste:

- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO.

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luis González Iglesias, que dá fe do acto. Está presente na sesión o Interventor Municipal D. Javier Siro Suárez Rodríguez.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de 26 de maio de 2022, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

A acta da sesión ordinaria, de data 26 de maio de 2022, resultou aprobada por maioría de quince votos a favor, coa abstención do Sr. Ribadas Gómez, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, coa corrección sinalada polo Sr. Alcalde.

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde non se informa de ningunha actuación municipal.

3. DENOMINACIÓN PRAZA AO CARÓN DO EDIFICIO SOCIOCOMUNITARIO ISABEL ZENDAL.

Vista a proposta da Alcaldía que se transcribe a continuación:

“Nas anualidades 2021 e 2022 polo Concello executáronse con cargo ao Plan Hurbe da Xunta de Galicia as obras de construción dunha praza a carón do Centro Sociocomunitario Isabel Zendal.

No mes de outubro de 2017 o Concello de Ordes asinou un acordo de irmandamento coa Cidade de Veracruz, México, primeiro lugar do continente americano onde arribou a expedición Balmís e se procedeu a aplicar por primeira vez a vacina da vaiola.

A comezos do presente mes entrou en funcionamento o Centro Sociocomunitario Isabel Zendal.

A efectos de honrar este irmandamento, e estreitar lazos coa cidade de Veracruz, México, propoño ao Pleno nomear a praza existente a carón do Centro Sociocomunitario Isabel Zendal, PRAZA CIDADE DE VERACRUZ – MÉXICO”.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que non van a por ningunha oposición.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que tampouco van a por ningunha oposición. É un acordo que hai coa cidade de Veracruz, México. Están dispostos a apoiar calquera iniciativa que se propoña para levar adiante o nome de Isabel Zendal polo mundo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que non van a por obxección á denominación da praza. Votarán favorablemente

Intervén o Sr. Alcalde, que agradece a predisposición de todos os concelleiros para a adopción dun acordo por unanimidade.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE, Sr.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Nomear a praza existente a carón do Centro Sociocomunitario Isabel Zandal, PRAZA CIDADE DE VERACRUZ – MÉXICO.

4. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 26 de maio de 2022, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

5. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde-Presidente pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos Concelleiros non se presenta ningunha moción.

6. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde-Presidente abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PsdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- Logo das importantes choivas que aconteceron a principios do mes de xuño, produciuse unha entrada de auga na planta baixa do edificio da Xunta de Galicia (Rúa de Galicia, n. 23). O problema ven derivado do bordo que rodea o edificio que filtra a auga e acumúlase na beirarrúa inferior que da acceso ao edificio.

Como pode apreciarse nas fotos, intentouse solucionar o problema poñendo como contención un barrote (foto 1) que de pouco serviu.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Solicitamos ao señor Alcalde:

A reparación do bordo citado para evitar que volva a acontecer un suceso similar.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está é unha actuación que xa estaba contratada polo departamento de Obras. Intentarase que mañá comece a actuación de reparación do bordo para evitar que novamente entren as augas cara a porta.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- No pasado pleno ordinario do mes de maio, durante o debate dunha moción sobre o Centro de Saúde de Ordes, anunciouse por parte da portavoz do goberno que a reparación dos ocos de fachada por corrosión da estrutura metálica ía efectuarse no mes de xuño.

Xa case rematado o mes de xuño, ollamos con preocupación como as reparacións non foron efectuadas, malia que resulta evidente que son moi necesarias e urxentes, ao producirse na zona cara o PAC desprendementos tal e como pode verse nas fotografías, ademais de apreciarse como noutras zonas da fachada, partes do cerramento do edificio ameazan con virse abaixo e provocar a caída de cascallos sobre as persoas dende unha notable altura, co conseguinte perigo.

Queda claro que se precisa dunha actuación urxente por parte da Consellería de Sanidade no Centro de Saúde de Ordes para atallar estes problemas derivados da falta de mantemento, e máis cando se pon en perigo a integridade de viandantes e usuarios do centro.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

Se inste á Consellería de Sanidade a que execute con urxencia as correspondentes labores de mantemento do Centro de Saúde de Ordes.

Se proceda ao valado da zona para minimizar o risco de caída de cascallos sobre as persoas.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que existe un problema co axuste dos prezos dos contratos. Esta tarde estaba prevista a colocación da estada e a partires de mañá iniciaranse as obras de reforma dos ventanais.

- Radio Ordes leva bastante tempo emitindo moi pouco contido fora das conexións coa Radio Galega, é polo que entendemos que cómpre analizar a situación e procurar solucións no organismo acaído para elo, que é o Consello da Emisora Municipal.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A convocar o Consello da Emisora Municipal.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o primeiro é desexar unha pronta recuperación aos dous traballadores de radio Ordes que se encontran de baixa por enfermidade e non sabemos



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

cando se poderán incorporar. Valorárase proceder á convocatoria ordinaria, sen poder concretar un prazo concreto para poder levala a cabo.

- No evento primavera no Camiño Inglés, que este ano tivo lugar no concello veciño de Oroso, o cubículo do concello de Ordes semellaba mais unha exposición de Queiques, que un punto de información sobre os atractivos e potencialidades que pode ofertar o noso concello a calquera persoa que efectúe a súa peregrinaxe polo camiño Inglés.

Claro que o queique pode ter cabida no posto do concello de Ordes nun evento como o primavera no Camiño Inglés, ao igual que podería ter o grelo, pero ollando os postos que presentaron outros concellos, semella que Ordes puido facer un maior esforzo por tentar vender as súas potencialidades, como por exemplo preparar algún vídeo para proxectar sobre o museo ao aire libre que supón o desordes creativas, o paseo Ramiro Recouso Liste, o museo do traxe Juanjo Liñares, información sobre lugares nos que durmir, xantar, etc.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que en vindeiras edicións do primavera no camiño Inglés, exista un maior esforzo en promociñar as potencialidades que presenta o noso concello.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que o evento Primavera no Camiño vai pola súa quinta edición. O Concello de Ordes leva concurrindo ao mesmo dende que se comezou a facer, ata o ano pasado non se lle deu outra forma de facelo. Houbo actividades, un graffiti en directo, que xa foi o ano pasado ao Concello de Ferrol. Como outros anos levouse a televisión e proxectáronse vídeos durante todo o día. leváronse queiques, traxes do Museo do Traxe. O que observaron os concelleiros do goberno é que a xente non se para a ver o vídeo. A xente preguntaba polos libros de Isabel Zandal, os folletos turísticos, o Desordes Creativas e tamén polos queiques. Tamén había fotografías de calquera lugar de interese turístico que temos no concello. Que había stands que tiñan máis cousas, si, pero é sempre o mesmo, poucos había. Intentaron levar aquilo polo que a xente demanda, pregunta. A información sobre lugares para comer ou pernoctar pode encontrarse na web do camiño inglés onde está todo especificado. Están a traballar niso, pouco a pouco.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que agradecen o traballo, diso se trata. O stand, na súa opinión deixaba bastante que desexar. A principal fotografía de exposición é un fito no camiño inglés. Non había moita variedade de imaxes no stand do concello de Ordes. O obxecto principal exposto na mesa eran tres queiques e uns folletos ao carón nun enreixado. Non había moito movemento neste stand.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, que pregunta por que non lle sacou a foto dende o outro punto de vista, onde estaban as fotografía do concello. Ese mural foi realizado pola Asociación do Camiño Inglés, é obrigatoria a súa colocación por cada concello. Todos teñen o mesmo fondo no stand, despois cada un decora como quere. Cando vostede se vexa na ocasión de ter que decorar o stand xa o fará a súa maneira.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que non é necesario que se alporice, so está a dar a súa opinión.

- Nas inmediacións do Cemiterio do Piñeiro, existen depositados restos de materiais e cascallos, os cales entendemos que derivan das obras que veñen de ser efectuadas nas rúas do Camposanto e Casabella.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A ordenar a retirada dos mesmos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non son restos de materiais e de cascallos. Se se achega a comprobalos son dous vivacs con area e outro con cemento derivados dos traballos de remate da obra e que serán retirados coa súa conclusión.

Por último ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- Con motivo das obras que se están a efectuar nas rúas Víctor González Faya e Mediodía, producíronse importantes atascos na rúa do Recreo dado que en varios días, coincidiron as dúas rúas pechadas ao tráfico rodado. É evidente que as obras poden producir molestias e cortes na circulación, mais quizais puideron ser planificadas doutro xeito, actuando primeiro nunha das rúas e logo comezar a traballar na outra, evitando no máximo do posible a simultaneidade dos cortes.

Por outra banda, foi instalada unha importante tubaxe para descarga da rede de pluviais cara o rego da Fraga, nas parcelas que o concello de Ordes pretende adquirir para a ampliación da residencia de maiores de Ordes.

Outro aspecto que nos preocupa, é o acceso á rúa Víctor González Faya desde a rúa do Recreo, cuxo deseño consideramos que contén erros, o cal queda demostrado cando moitos turismos teñen dificultades para poder tomalo sen ter que invadir o trazado do carril bici, xa non digamos outros vehículos de maior tamaño como poden ser os camións do lixo.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

¿Cal foi o motivo de que os traballos nas rúas Víctor González Faya e Mediodía, non fosen executadas evitando a coincidencia das mesmas (é dicir, actuando primeiro nunha e logo ao remate dos traballos na outra, o cal entendemos que evitaría os atascos que se produciron na rúa do Recreo en varios días debido a que ambas rúas se atopaban pechadas ao tráfico?.

A tubaxe de pluviais que atravesa as parcelas que o concello de Ordes pretende mercar a carón da residencia da terceira idade, ¿é provisional ou trátase dunha condución definitiva?.

No caso de ser definitiva, ¿Tiveron en conta as limitacións que pode producir no aproveitamento das parcelas? ¿Non era posible verter directamente ao rego da fraga directamente desde a vía pública na ponte existente desde a rúa Mediodía?.

¿Ten pensado o goberno municipal actuar para reformar o acceso á rúa Víctor González Faya desde a rúa do Recreo, tendo en conta as dificultades de acceso que presenta para os vehículos a actuación levada a cabo?.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que toda esta batería de preguntas podería terse evitado so con ter ollado o proxecto técnico das obras e plan de traballo que figura no mesmo. O organismo responsable da contratación, execución e por tanto da súa dirección é Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. A programación das obras tanto no proxecto técnico, como da empresa adxudicataria supuxo o inicio pola rúa Víctor González Faya e a continuación pola rúa Mediodía. En tanto que as dúas rúas se interconectan e completan, ademais dos pavimentos actuouse nas redes soterradas. A concorrencia temporal nas dúas rúas é inevitable. A día de hoxe so teñen constancia de dous días de corte temporal en ambas rúas. Nos outros días púidose circular por unha das rúas. A tubaxe de pluviais a carón a Terceira Idade foi realizada conforme ao proxecto aprobado. As actuacións de humanización no entronque coa estrada limítrofe DP-9053 é fundamental incorporar elementos de deseño que garantan o cambio de prioridade en prol dos peóns e non faciliten a percepción dun itinerario directo para os vehículos, motivo pola cal se empregan zonas elevadas na calzada. A intersección da rúa Víctor González Faya coa rúa do Recreo está limitada pola autorización da Deputación Provincial como titular da estrada provincial DP-5903. Non é a solución proposta pola enxeñería técnica municipal, estase a executar a solución indicada polo técnico do ente provincial.

- A escaseza de postos en funcionamento na praza de Abastos, evidencia que algo falla nunhas instalacións que deberan de ser o referente na venda de produtos frescos, de proximidade e de calidade, así como un motor económico na vila.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Cal foi a evolución de ocupación nos postos da praza de abastos nos últimos anos e cal é a situación na actualidade?.

¿Cantas solicitudes para de uso dos postos da praza de abastos foron efectuadas nos últimos anos?.

¿Qué medidas adoptou o goberno municipal para revitalizar a praza de abastos?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a evolución é de todos coñecida, pasouse de tres postos a un, por dúas xubilacións. Solicitudes formais ningunha, preguntas para interesarse nos derradeiros anos de forma intermitente varias persoas, pero sen que exista un interese claro de montar alí un posto. En canto ás medidas é coñecedor dos diferentes proxectos de dinamización nos que se investiron fondos públicos e da Consellería de Industria para dar a coñecer este mercado ao longo destes anos.

- No pleno ordinario do mes de novembro do ano 2021, a corporación municipal decidiu apoiar unanimemente a moción defendida polo grupo municipal do BNG sobre a seguridade viaria na N-550 ao seu paso polo noso concello, onde se instaba ao “Ministerio de Transportes, Mobilidad y Agenda Urbana” a efectuar unha análise das causas do elevado índice de risco de accidentes que presenta a citada estrada entre os P.Q. 26,8 e 36,9; levando a cabo as medidas precisas para mellorar a seguridade viaria na zona e calmar o tráfico que accede á rotonda que enlaza a N-550 co polígono industrial de Merelle e coa AC-409.

Recentemente foron colocados na zona de Merelle uns paneis informativos sobre un tramo de concentración de accidentes de 0,5 Km; actuación que desde o BNG agradecemos pero que consideramos insuficiente de cara a conseguir un calmado do tráfico realmente efectivo na zona.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Foi notificado ou ten constancia que por parte do “Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana” (ou as súas delegacións competentes como a Demarcación de Estradas do Estado en Galicia), vaian efectuar outras actuacións a este respecto para mellorar a seguridade viaria no tramo?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que responde que non.

- O peche das centrais térmicas de Meirama e As Pontes, supuxo que se mobilicen 111 millóns de euros cara o denominado fondo de transición xusta, ao que Ordes ten dereito a acceder.

Segundo transcendeu nos medios de comunicación, o pasado 9 de xuño, a directora xeral de planificación enerxética e recursos naturais mantivo un encontro cos alcaldes dos concellos incluídos dentro da zona de transición xusta.

Do mesmo xeito, nos medios de comunicación sinálase que as pemes son as principais destinatarias desta partida, aínda que tamén se abre o acceso aos mesmos ás grandes empresas.

No polígono industrial de Merelle, as parcelas atópanse en mans privadas, aínda que existen moitas que non están ocupadas/construídas, situación da que levamos tempo alertando desde o BNG, e que agora pode poñer en risco que algunha empresa escollo o noso concello como lugar de afincamento. Por outra banda, tampouco axuda en absoluto que o P.X.O.M. aínda non acadase a aprobación provisional logo de transcorrer mais de 6 anos desde a aprobación inicial do documento, polo que tampouco temos a capacidade de ampliar a oferta de solo industrial.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Qué información recibiron ao respecto na reunión mantida entre os alcaldes dos concellos incluídos na zona de transición xusta coa directora xeral de planificación enerxética e recursos naturais?.

¿Qué actuacións está a facer o goberno municipal para captar e atraer algún proxecto empresarial ao noso concello?.

¿Cómo pensa solucionar o goberno municipal a situación do polígono industrial de Merelle para intentar acoller algún destes proxectos?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non sabe en que se base para formular esta pregunta concreta e detallada. Nas diferentes notas de prensa que ollou en relación ao contido da súa pregunta para nada corresponden co asunto principal da reunión que se mantivo en relación aos fondos de transición xusta, a Orde de Infraestruturas TED/1476/2021, de 27 de decembro, que é a que realmente se tratou nesta reunión coa Directora Xeral de Planificación e cos demais concellos e cos Delegados da Xunta de Galicia na zona de Ferrol e A Coruña. A nos nos afecta co peche da central térmica de Meirama. Está previsto para o ano 2023, orzamentos da Xunta de Galicia, unha serie de ordes de convocatorias de axudas para eses cento once millóns que se van a por a disposición directa das comunidades autónomas que seguidamente porán a disposición das pemes que desexen facer algún tipo de acción nos noventa e tres concellos da provincia de A Coruña, para nada única e exclusivamente nos de



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

transición xusta. Importante aclarar para non mesturar as distintas liñas que están a saír dende o Instituto de Transición Xusta. Son cousas distintas o que trataron na reunión. O prazo desta orde acaba o día dous, estase a traballar nos proxectos das liñas b, c e d, nas que ten acceso o concello de Ordes polo seu rango de poboación. A maiores están eses fondos da Xunta de Galicia para o ano 2023, cun prazo de execución de dous anos. Xa saíu publicado no DOG que todas as grandes empresas tratoras poderían facer a súa manifestación de interese antes do 23 de xuño. Os fondos son para as pemes, descoñecen o contido das ordes de convocatoria. Agora están nunha situación distinta. Están a traballar dende a asistencia técnica urbanística co resto dos concellos da comarca, mantendo múltiples reunións, tamén con outras administracións, así como coas asociacións dos parques empresariais para un mellor aproveitamento destes fondos. Segue a falar dun polígono industrial, sempre lle dixó que é un parque empresarial. No 2023 verán como se executan novas naves, o solo está esgotado dende fai catros anos, o feito dese esgotamento é o que permitiu xustificar no PXOM o S12 que vai ao carón do parque empresarial de Merelle e ao mesmo tempo crear o S11 ao carón da entrada da AP-9. O que vostede ve como un aspecto negativo é un aspecto totalmente positivo que permite avanzar en melloras dentro do PXOM, nas negociacións co IGVS e Dirección Xeral de Urbanismo para poder sacar adiante eses solos, que noutro caso non sería posible.

- Segundo figura na relación de resolucións e decretos de alcaldía que foron dados en conta no pleno ordinario de maio, o 06-05-2022 emitíuse unha resolución da Alcaldía pola que se autoriza o inicio dun expediente de modificación do Proxecto de obras de acondicionamento da Casa da Cultura.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Cales son as modificacións que se pretenden efectuar no proxecto e a que se deben?.

¿Supoñen algún custo adicional nas obras?.

De ser así, ¿Que cantidade?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que unha vez iniciadas as obras e despois de realizar o estudo acústico do auditorio e unha vez iniciados os traballos a caldeira que servía de equipo xerador de calor na zona de aulas e oficina estropeouse, o que fai que o edificio quede practicamente sen climatizar. So estaba previsto instalar un equipo de climatización baseado en aerotermia no auditorio. Optouse por ampliar este sistema para dar servizo a todo o edificio. Non se podía deixar instaladas as tubaxes e despois ter que volver a romper todo para poder dar o servizo. Ao mesmo tempo o contratista informou da imposibilidade de subministración da carpintería de aluminio para a substitución das carpinterías exteriores polo que se opta por deixar as existentes, vanse a modificar as das portas automáticas, as dos ventanais vanse a manter as existentes. O incremento de partidas é dun 9,35% con respecto ao orzamento primitivo de adxudicación.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás vinte horas e seis minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias